



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Expropiación forzosa. Anuncio de aprobación definitiva dos proxectos das obras e da relación de bens e dereitos de necesaria ocupación para proceder á súa execución

EXPEDIENTE. 2024/X998/000044

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria do 26 de setembro de 2024, aprobou definitivamente o Plan de saneamento municipal 2024, quinta fase, que inclúe entre outros, os seguintes proxectos: 1. Proxecto de saneamento en A Brea-San Paio. Concello de Bergondo e 2. Proxecto de saneamento en Fiobre, Concello de Bergondo.

Na mesma sesión plenaria, aprobáronse inicialmente os citados proxectos, declarouse a utilidade pública da súa execución e aprobáronse inicialmente as relacións de bens e dereitos de necesaria ocupación para as devanditas execucións e aos efectos da súa expropiación forzosa, acordando tal expropiación.

O expediente expúxose ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia núm. 191 do 3 de outubro de 2024, e na mesma data no xornal *La Opinión Coruña* e no taboleiro electrónico de anuncios da Sede electrónica municipal; así como practicouse a notificación individual aos interesados no expediente e ao non podela realizar, nalgúns casos, publicouse a notificación edictal no Boletín Oficial del Estado núm. 286 do 27 de novembro de 2024.

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2025, acordou:

«**Primeiro.** Aprobar definitivamente o proxecto de saneamento en A Brea-San Paio. Concello de Bergondo, cun valor total ive incluído de 108.939,60 euros, incluído no mesmo o *Anexo de expropiacións*, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo de expropiacións do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. (Anexo I)

Segundo. Aprobar definitivamente o proxecto de saneamento en Fiobre, Concello de Bergondo, cun valor total ive incluído de 191.574,63 euros, incluído no mesmo o *Anexo de expropiacións*, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo de expropiacións do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. (anexo II)

Terceiro. Declarar expresamente a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxas relacións concretas individualizadas apróbanse definitivamente e que se describen nos anexos I e II ao presente acordo.

Cuarto. Publicar e notificar o presente acordo consonte co disposto no artigo 20 da Lei de Expropiación Forzosa e no artigo 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa e facultar expresamente á alcaldía presidencia para a realización de tódolos trámites subseguintes ao presente acordo no expediente expropiatorio.

Relación de Titulares, bens e dereitos afectados

Anexo I

Proxecto de saneamento en A Brea-San Paio. Concello de Bergondo

Relación de Bens e dereitos afectados								
n.º finca	Titular	Rfº Catastral	Clasificación urbanística	Situación básica do solo	Destino	Tipo de afección	Superficie total m²	Superficie servidume de acueduto m²
1	Manuel Rama Toja, Herdeiros de	001507700NH59D0001DR	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Servidume de acueduto	1.188	37
2	Susana Domínguez Sánchez, Herdeiros de	15008A002000770000XT	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueduto	1.192	91
3	Enrique Domínguez Caamaño María Mercedes Vidal Rama	15008A002001190001MK	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueduto	1.872	55
4	Luis Manuel Veiga García	15008A002000730000XG	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Servidume de acueduto	1.085	157
5	Benito Mantiñán Miramontes	15008A002000690000XY	Solo non urbanizable común	Rural	Horta	Servidume de acueduto	1.443	204
6	Benito Mantiñán Miramontes	15008A002000530000XR	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Servidume de acueduto	2.703	393
7	Luis Rey Varela, Helga López Barreiro	15008A002003130000MK	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueduto	1.145	34
8	Mª Carmen San Martín Mosquera	15008A002003140000XE	Solo de núcleo rural	Urbanizado	Horta	Servidume de acueduto	1.143	24
			Solo non urbanizable común	Rural				22

Anexo II**Proxecto de saneamento en Fiobre. Concello de Bergondo**

Relación de Bens e dereitos afectados								
n.º finca	Titular	Rfº Catastral	Clasificación urbanística	Situación básica do solo	Destino	Tipo de afección	Superficie total m²	Superficie afectada m²
1	María Pura Galán Franco, Herdeiros de	15008A042003030000XY	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Pleno dominio	1.647	35
2	Emilio Romay Beccaria	3076601NH6937N0001EP	Solo non urbanizable común	Rural	Labradío	Pleno dominio	18.619	46
						Servidume de acueduto		229

Recursos: Contra o presente acordo, consonte co disposto nos artigos 21.3 e 22 da Lei de expropiación forzosa e artigos 21 e 22 do seu Regulamento, poderá interpoñer e perante o mesmo órgano que o ditou, recurso de reposición no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do presente acordo. A interposición do recurso de reposición producirá efectos suspensivos, en tanto en canto non se notifique a súa resolución, que haberá de ser expresa en todo caso. Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ao da publicación do presente edicto. Advírteselles aos interesados que tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente na defensa dos seus intereses.

Bergondo, 4 de febreiro de 2025

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

2025/715